

MARÉ


POLÉMICA ■ O escritor acusa de plaxio a Ángeles Caso, que hoxe asina libros na Coruña

Alcalá inicia accións xudiciais contra Planeta

O escritor Xavier Alcalá emprenderá accións xudiciais contra a Editorial Planeta, logo de intentar pola vía “amigable” que substituíse o título da obra de Ángeles Caso, gañadora en outubro do Premio Planeta co traballo *Contra el viento*. Este título está rexistrado por Alcalá no 1993, cando autotraduciu ao castelán *Cárceles Verdes*. Esta tradución alcanzou unha destacada difusión en diversos países e estaba pendente de reeditarse.

Xoán Antón Pérez Lema Avogados e Consultores encargouse de presentar a reclamación pola vía amigable a Planeta, á que se reclamou a substitución do título “como medio de solución menos gravoso para as partes”. A petición foi remitida a través de burofax o 9 de novembro e obtivo resposta o día 13 polo secretario xeral e director da asesoría xurídica da editorial.

Neste documento, Planeta rexei-



O escritor Xavier Alcalá

ta a suspensión da comercialización da obra e a substitución do título, alegando que existen “20 inscricións de cancións na SGAE que contan con ese idéntico título”. Así, argumenta a editorial, o título de Alcalá carece de “orixinalidade” e “creatividade” esixidas pola lei para que poida entenderse protexido. Isto, engade, “converten as súas manifestacións públicas e o seu requerimento en inadmisibles”.

O gabinete de Pérez Lema interpreta que os argumentos esgrimidos por Planeta “non son de recibo”, pois asegura que “non son comparables aos supostos de dúas novelas, distribuídas no mesmo territorio e na mesma lingua, con produtos cinematográficos ou musicais”.

Así, ante o que consideran unha “atitude pechada ao diálogo de Planeta” e ante a comercialización en proceso da obra de Ángeles Caso (que hoxe asina exemplares na Coruña), o gabinete xurídico do escritor prepara accións xudiciais e a solicitude de medidas cautelares que permitan “garantir a indemnidade dos dereitos de autor” de Alcalá Navarro. No entanto, mantense a “vía amigable”, de modo que o escritor pedirá a mediación da Asociación de Escritores en Lingua Galega” e do Pen Clube. ● REDACCIÓN